

Solicitantes: [REDACTED]
Expdte. Nº DAIPCT 1/2017
[REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á solicitude de acceso á información pública presentada por [REDACTED], mediante escrito do 7 de marzo de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentaron, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 7 de marzo de 2017, unha solicitude de acceso á información pública da Comisión da Transparencia, ao amparo do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os peticionarios indicaban que as resolucións RSCTG 03/2016; RSCTG 04/2016; RSCTG 026/2016; RSCTG 037/2016; RSCTG 040/2016 e RSCTG 41/2016 emitidas por esta Comisión da Transparencia, adoecen dunha serie de erros, polo que se dirixiron a esta Comisión para formular determinadas preguntas.

O resumo da situación persoal e familiar dos peticionarios é o seguinte:

Ambos forman parte dunha unidade familiar na que todos os seus membros están en situación de desemprego, de forma descontinua pero prolongada no tempo. Quen agora se dirixe á Comisión da Transparencia teñen presentado numerosos escritos e solicitudes ante o Concello de Baiona; os servizos sociais municipais, incluído o CIM e o Departamento de emprego. Tamén se dirixiron ás oficinas de emprego da Xunta, a diversos membros do Goberno galego, incluído o seu presidente, ás distintas direccións xerais competentes en materia de emprego e avaliación e ao Valedor do Pobo.

Tras a constitución, o 10 de maio de 2016, da Comisión da Transparencia de Galicia, diversos escritos dos peticionarios dirixidos ao Valedor do Pobo, que reunían os requisitos dos artigos 28 e disposición adicional 5 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, foron tramitados como reclamacións potestativas. Os expedientes tramitados e a súa resolución poden resumirse como segue:

- RSCTG 03/2016 e RSCTG 04/2016, tramitados ante un único escrito de 4 de maio de 2016. No escrito pedían que o Concello de Baiona e a Consellería de Economía, Emprego e Industria lles achegasen información en relación a unha solicitude relativa a participación por parte de ██████████ no programa de cooperación para o ano 2010 “rehabilitación de rúas do conxunto histórico artístico”, expediente TR351A 2009/415-5, e diversos datos sobre talleres de emprego entre os anos 2010 a 2015.

En relación a estes dous recursos, na data do 10 de xaneiro de 2017 e como aclaración ás resolucións da Comisión da Transparencia se lle indicou aos peticionarios que foi atendida aquela parte da súa petición que era unha solicitude de acceso á información. En canto a un certificado sobre o programa de cooperación do ano 2010 sobre a rehabilitación das rúas do casco histórico no Concello de Baiona, que obraba xa en poder da reclamante, se lle indicou que non é competencia da Comisión da Transparencia entrar a analizar o seu desacordo cos termos no que foi expedido. Por tanto, como se indicaba na resolución, esta se centrou en estimar a reclamación en relación á información que aínda non se lle achegara.

- RSCTG 026/2016, relativo á petición de información sobre o plan de emprego da Deputación de Pontevedra e as súas bases, solicitadas ao Concello de Baiona. Este expediente concluíu con estimación parcial en relación á obtención das bases solicitadas ao Concello de Baiona.
- RSCTG 037/2016, relativo a unha nova petición de información sobre o plan de emprego da Deputación de Pontevedra e as bases solicitadas ao Concello de Baiona. A resolución do expediente decretou o seu arquivo por tratarse dun dereito xa recoñecido no expediente 26/2016.
- RSCTG 040/2016, relativo á documentación solicitada á Consellería de Política Social. A Comisión da Transparencia resolveu desestimar a petición da reclamante, sen solicitar información á consellería, posto que a petición que se realizou ante a Consellería de Política Social non entra dentro do concepto de información pública legalmente definida na lexislación de transparencia.
- RSCTG 41/2016, relativa á documentación en relación con uns informes da Oficina de Emprego de Baiona. A resolución concluíu que a pretensión non era o acceso á información pública, posto que xa tiña a súa disposición os informes e programas, senón que se valorase o contido dos tres informes.

Desde o momento en que lle foron notificadas as resolucións da Comisión da Transparencia, e sen ter en conta a atención telefónica realizada, os promotores da solicitude dirixíronse por escrito á Comisión da Transparencia nas seguintes datas: 15.11.2016, 14.12.2016, 27.12.2016, 31.01.2017, 07.03.2017. Todos estes escritos, agás o de 7 de marzo de 2017 (que é o que se contesta agora) foron considerados como petición de aclaración sobre as resolucións das reclamacións ante a Comisión da Transparencia. Como tales, foron respondidas desde a secretaría deste órgano colexiado.

Todas as aclaracións remataron indicándolle ás persoas interesadas que *“o artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, vixente no momento da emisión das resolucións indica que contra a resolución dun recurso de reposición non poderá volver a interpoñerse outro recurso, polo que non procede atender esta nova solicitude. Recordámoslle que se non está satisfeita, está o seu dereito a interpor o recurso contencioso-administrativo, nos termos indicados na resolución dos citados expedientes”*.

Porén, no seu escrito do 7 de marzo refiren as seguintes cuestións:

- Que non lle resolven o que pediu, en concreto, que o RSCTG 04/2016 é a mesma resolución que a do RSCTG 03/2016.
- Que o expediente RSCTG 40/2016 foi pechado pola antigüidade da documentación e non se ten en conta que a chamaron “acosadora” e “difamadora”.
- Que no expediente RSCTG 037/2016 non se ten en conta a documentación achegada pola parte interesada.
- Que nos expedientes RSCTG 026/2016 e RSCTG 041/2016, xa a interesada achega a documentación e promove outras cuestións que non se lle responden.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores.

Primeiro.- Competencia

O artigo 17 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, establece que, o procedemento para o exercicio do dereito de acceso se iniciará coa presentación da correspondente solicitude, que deberá dirixirse ao titular do órgano que posúa a información.

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, crea a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo, e por tanto, suxeito a obriga de facilitar a información pública entendida esta como recolle a definición do artigo 24 da norma xa citada.

Segundo.- Procedemento aplicable

O artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno preceptúa que o seu procedemento se axustará ao previsto na normativa básica de transparencia.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, pola súa parte, recolle nos artigos 17 e seguintes o procedemento de acceso á información pública.

Terceiro.- Dereito de acceso á información pública

- Ámbito material

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

- Lexitimación

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

- Limitacións que poden afectar ao seu exercicio:

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de inadmisión do artigo 18 desta lei.

- Causa de inadmisión por tratarse dun interesado:

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé na súa disposición adicional primeira que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por

parte dos que teñan a condición de interesados nun mesmo procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Cuarto.- Análise do expediente

Dos antecedentes de feito relatados consta con claridade que os reclamantes pretenden unha revisión en vía administrativa das resolucións da Comisión da Transparencia nos expedientes promovidos por estar en desacordo co contido das resolucións por entender que non teñen en conta a documentación achegada, que non valoran determinados feitos ou que non dan resposta a todas as cuestións suscitadas nos escritos presentados.

Cómpre insistir en que a Comisión da Transparencia non é unha instancia ante a que os interesados desconformes coas actuacións administrativas que lles afecten poidan manifestar reiteradamente as súas discrepancias ata obter que a administración dite unha resolución favorable ás súas pretensións. Debemos lembrar que esta Comisión non ten competencias executivas e non pode impartir ordes, revocar actos administrativos, exercitar facultades revisorias de actos firmes nin investigar comportamentos dos empregados públicos ou impoñer sancións aos funcionarios. A competencia esencial desta Comisión é resolver sobre a existencia ou non dun dereito de acceso á información pública e, de selo caso, e estimarse tal dereito, garantir o seu cumprimento por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da lexislación de transparencia.

No caso que nos ocupa, e como se desprende claramente dos antecedentes de feito descritos, os reclamantes solicitaron catro veces por escrito, e varias por vía telefónica, o acceso a un expediente administrativo no que tiñan a condición de interesados e de acordo aos dereitos que lle asisten ao teren esa calidade. O que se reclama non é unha resolución no marco do dereito de acceso á información prevista pola normativa de transparencia.

Tendo en conta o anterior, e en concreto, a aplicación do artigo 20.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, esta Comisión da Transparencia debe resolver desestimando a presente reclamación ao considerar que son de aplicación os recursos dispoñibles na súa condición de interesado no procedemento e de acordo á normativa reguladora do mesmo.

RESOLUCIÓN

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 7 de marzo de 2017 en aplicación do artigo 20.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro,

segundo a que as resolucións ditadas en materia de acceso a la información pública son recorribles directamente perante a Xurisdición Contencioso-administrativa.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.2 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga